

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE ABRIL DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez e don Diego Alcantarilla Rei.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Visto que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana publicou no BOE nº 60 do 11 de marzo de 2022 a Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes.

Visto que a finalidade desta axuda é a de financiar a rehabilitación de edificios de uso público, cun aumento de como mínimo un 30% na súa eficiencia enerxética, cuxa titularidade corresponda ás Entidades Locais, cumprindo, os requisitos establecidos polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado polo Acordo do Consello de ministros do 27 de abril de 2021 e detallados no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP).

Visto que se considera como positivo e oportuno concorrer a estas axudas con diferentes proxectos de rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética de edificios municipais.

Visto que atendendo ao ditado no artigo 13 das bases, o prazo para concorrer coa primeira liña de actuación é de 45 días naturais dende a publicación das bases no boletín oficial.

Visto o expediente de contratación núm. 2022/C002/000038 respecto da adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo da asistencia técnica para a redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local. Línea 1. Pavillón de Os Campons" ao licitador María Morán Castillo, no prezo ofertado de 9.500,00 € sen IVE, 11.495,00 €, IVE incluído.

Estas circunstancias motivan a urxencia da realización da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo da asistencia técnica para a redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local. Línea 1. Pavillón de Os Campons" ao licitador María Morán Castillo, no prezo ofertado de 9.500,00 € sen IVE, 11.495,00 €, IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000038

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 01/04/2022 asínase polo arquitecto municipal, o documento denominado “Informe técnico”, correspondente á Asistencia técnica para a redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local. Línea 1. Pavillón de Os Campons", cun importe de licitación de 11.592,31 euros sen IVE, 14.026,70 euros IVE incluído, e un prazo de execución ata o día 20 de abril de 2022.

Con data 03/04/2022 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada” e o documento denominado “Informe técnico”, correspondente á “Asistencia técnica para a redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local. Línea 1. Pavillón de Os Campons" elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade do contrato.

“(…)

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

O ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana publicou no BOP nº 60 do 11 de marzo de 2022 a Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes da mesma.

A finalidade desta axuda é a de financiar a rehabilitación de edificios de uso público, cun aumento de como mínimo un 30% na súa eficiencia enerxética, cuxa titularidade corresponda ás Entidades Locais, cumprindo, os requisitos establecidos polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado polo Acordo do Consello de ministros do 27 de abril de 2021 e detallados no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP).

Unha vez estudadas as bases reguladoras e os principios do PIREP, dende o Concello de Cambre valórase como positivo e oportuno concorrer a estas axudas con diferentes proxectos de rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética de edificios municipais. Atendendo ao ditado no artigo 13 das bases, o prazo para concorrer coa primeira liña de actuación é de 45 días naturais dende a publicación das bases no boletín oficial.

Asemade, no artigo 14 das bases establécese a documentación técnica acreditativa que deberan acompañar ás solicitudes, esta documentación ten un elevado carácter técnico, o que fai necesario que se requira da contratación dunha asistencia técnica que poida elaborar os documentos esixidos.

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

As necesidades a cubrir polo presente contrato inclúen a elaboración dos estudos e documentos requiridos no artigo 14 da Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública, nos que se inclúen as seguintes esixencias de documentación que deberán acompañar as solicitudes para concorrer a esta liña de financiamento:

- *Artigo 14.3: Documentación descritiva da intervención que se solicita, incluíndo a modo de anteprojecto enerxéticamente definido especificando as diferentes actuacións que se desenvolverán na intervención (das recollidas no artigo 7 das bases) , que conformara o dossier en base ao cal se avaliarán as solicitudes e que deberá constar dunha parte gráfica e dunha parte informativa.*
- *Artigo 14.4: Orzamento total da actuación, diferenciando a parte correspondente a cada tipo de actuación das que se especifican no artigo 7 das bases.*
- *Artigo 14.5: Cronograma das obras no que se reflexe a data prevista para as diferentes etapas da intervención que se solicita.*
- *Artigo 14.6: Certificado de eficiencia enerxética actual e previsto do edificio sobre o que se quere intervir, dita certificación debe incluír o contido mínimo establecido no artigo 8 do Procedemento Básico para a Certificación da eficiencia enerxética dos Edificios do Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, asinado por un técnico/a competente e rexistrado no rexistro do órgano competente da Comunidade Autónoma.*

Asemade a entidade adxudicataria do contrato deberá prestar servizos de asesoramento técnico especializado ao persoal municipal responsable da tramitación da referida subvención de cara a facilitar o estudo da viabilidade, oportunidade, solidez e innovación da intervención que dende o Concello de Cambre se quere presentar a este procedemento.

Os requisitos técnicos mínimos para o desenvolvemento dos traballos descritos especificanse de xeito pormenorizado no prego de prescrición técnicas que acompañan este informe.

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

As prestación recollidas no presente contrato foron determinadas en base aos requirimentos establecidos na Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública, sendo as idóneas e necesarias para dispoñer da documentación esixida para solicitar as axudas.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

No artigo 13 das bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública indícase que os concellos cunha poboación de entre 20.000 e 50.000 habitantes poderán realizar unha solicitude de rehabilitación na liña 1 (para a que disporán de 45 días dende a publicación das bases no BOE) e 2 solicitudes de rehabilitación na liña 2 (para a que disporán de 95 días dende a publicación das bases no BOE).

A pesar de que a intención do Concello de Cambre é a de cursar as tres solicitudes ás que pode concorrer, a contratación da elaboración da documentación técnica requirida mediante o procedemento de contrato menor só se realizará para a liña con

menor prazo de presentación, recorrendo a un procedemento aberto para a preparación da documentación das posteriores solicitudes.

O obxecto deste contrato non se modifica de forma fraudulenta, de modo que aquel mantense incólume aos efectos de evitar un indebido fraccionamento do contrato cuxa finalidade sexa prescindir da aplicación das regras xerais da contratación pública. Tal efecto é o propio da fragmentación artificiosa do contrato co fin de cumprir cos limiares que permiten acudir ao contrato menor, obviando inxustificadamente a aplicación das regras sobre publicidade e requisitos para contratar nos contratos de contía superior, cuestión esta que non se produce no procedemento iniciado.

En base ao exposto esta contratación non supón un fraccionamento do obxecto de contrato, xa que a prestación mencionada é diferenciada e con autonomía propia.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.

As prestacións dos servizos a contratar veñen definidas polas bases da subvención á que se quere concorrer, en ditas bases establécense as características da documentación que deberá acompañar as solicitudes para concorrer a este procedemento. Entre a documentación requirida atópase:

- *Certificados de eficiencia enerxética do edificio a rehabilitar (artigo 14.6 das bases): Documento regulado no Real Decreto 390/2021 polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios e no Decreto 128/2016, de 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se dita que dito certificado deberá de ser elaborado e asinado por un técnico/a competente inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Documentación gráfica (artigo 14.3 das bases): O que supón a elaboración de planos do estado actual do edificio sobre o que se pretende actuar, planos do estado previsto e infografías que amosen o estado do edificio tras as actuacións previstas.*
- *Estudio de técnico para a creación de comunicades de enerxía renovable: Procedemento regulado na Directiva UE 2018 / 2001, fomento uso de enerxía procedente de fontes renovables, Art. 22.*

Visto que o Concello de Cambre non dispón na actualidade de ningún técnico municipal habilitado para cursar a certificación enerxética de edificios, nin dos medios materiais e humanos para a elaboración de planos e infografías con representación en tres dimensións, nin de persoal técnico con experiencia na creación de comunidades de enerxía renovable, e sendo estas cuestións necesarias para a realización dos documentos que se desexa elaborar, considérase necesaria a contratación dunha asistencia técnica externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

(...)

Vistas as características do servizo podemos definilo como:

- **Non previsible:** Ao definirse o obxecto do contrato en base aos requirimentos establecidos na orde publicada no BOP nº 60 do 11 de marzo de 2022 non se pode acusar ao órgano de contratación de falta de dilixencia na planificación e organización, xa que non é posible coñecer os requirimentos con anterioridade ao tratarse dunha liña de financiamento nova que se convoca por primeira vez nun marco dun plan estatal temporal que ven a dar resposta a unha situación social e económica determinada.
- **Non recorrente:** A subvención á que se quere concorrer está encaixada no dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no que os fondos estruturais previstos inclúense no Marco Financeiro Plurianual 2021 – 2027. Polo que estas liñas de subvención non son recorrentes nin se convocarán periodicamente, sendo convocadas unha única vez ao longo do marco temporal de todo o plan.
- **Urxente:** A urxencia en dispoñer dos documentos necesarios para poder concorrer á referida subvención no tempo e na forma que se establecen nas bases confire a este contrato dunha evidente urxencia, xa que o non cumprimento dos prazos suporía a perda dunha oportunidade de inversión para o Concello de Cambre que no se vai volver a dar.

En base ao exposto considérase necesario executar o citado gasto mediante o procedemento máis adecuado, que é o do contrato menor, iso atendendo á natureza, contía e simplicidade da tramitación.

Polo anterior e considerando o propósito de dotar da maior axilidade a contratación efectuase a seguinte proposta de adxudicación co criterio de adxudicación que se establece:

PROPOSTA CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Según o PPT”

Con data 04/04/2022 emitese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933 22706 (Estudios y trabajos técnicos gestión Patrimonio).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 08/04/2022 emítase informe polo arquitecto municipal, referente á valoración dos criterios subxectivos mediante xuízo de valor, incluídos no sobre electrónico "A: Documentación técnica", admitidas para a adxudicación (con criterios de adxudicación subxectivos mediante xuízos de valor e criterios avaliábeis mediante formulas) da asistencia técnica para redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración Local. liña 1. Pavillón de Os Campons" no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

1. David Sarmiento Nogueira
2. Gestión Huella carbono S.L.
3. María Morán Castillo
4. Letter Ingenieros S.L.
5. PW Advisory & Capital Services S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

1. David Sarmiento Nogueira
2. Gestión Huella carbono S.L.
3. María Morán Castillo

co seguinte resultado:

LICITADORES	TOTAL"A"
DAVID SARMIENTO NOGUEIRA	20,00
GESTIÓN HUELLA CARBONO S.L.	10,00
MARIA MORAN CASTILLO	30,00

Con data 08/04/2022 emítase informe polo arquitecto municipal, referente á valoración correspondente aos criterios avaliábeis mediante formulas que se establecen no punto 6, incluídos no sobre electrónico "B: Criterios de adxudicación " admitidas para a adxudicación (con criterios de adxudicación subxectivos mediante xuízos de valor e criterios avaliábeis mediante formulas) da asistencia técnica para redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración Local. liña 1. Pavillón de Os Campons", co seguinte resultado:

LICITADORES	OFERTA	T
DAVID SARMIENTO NOGUEIRA	13.915,00	
GESTIÓN HUELLA CARBONO S.L.	13.431,00	
MARIA MORAN CASTILLO	11.495,00	

resultando polo tanto a seguinte puntuación final:

LICITADORES	FASE A	FASE B
MARIA MORAN CASTILLO	30,00	58,16
DAVID SARMIENTO NOGUEIRA	20,00	57,06

Formulando proposta de adxudicación do contrato correspondente ao servizo da asistencia técnica para redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración Local. liña 1. Pavillón de Os Campons", ao licitador María Morán Castillo, con DNI 7187****B e domicilio Paseo dos Templarios, Nº10 3ºE, 15660, Cambre, A Coruña, no prezo ofertado de 9.500,00 € sen IVE, de 11.495,00€ (iva incluído), por presentar la oferta más ventajosa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 12 de abril de 2022, e mailo informe de fiscalización nº 163/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 12 de abril de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Informe técnico de necesidade" asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se inclúe o documento denominado "Memoria valorada" e o documento denominado "Informe técnico", correspondente ao servizo da "Asistencia técnica para a redacción

da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local. Línea 1. Pavillón de Os Campons", cun importe de licitación de 11.592,31 euros sen IVE, 14.026,70 euros IVE incluído, e un prazo de execución ata o día 20 de abril de 2022, elaborado polo arquitecto municipal no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 22706 (Estudios y trabajos técnicos gestión Patrimonio).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000038, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Cuarto: Adxudicar o contrato correspondente ao servizo da asistencia técnica para redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración Local. Línea 1. Pavillón de Os Campons", ao licitador María Morán Castillo, con DNI 7187****B e domicilio Paseo dos Templarios, N°10 3ºE, 15660, Cambre, A Coruña, no prezo ofertado de 9.500,00 € sen IVE, de 11.495,00€ (iva incluído), por presentar la oferta máis ventajosa, tendo en conta os criterios de valoración.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato, ao arquitecto municipal a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López